

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo axeitados.**Unha escola sobre a auga**

Ola, somos Nara e Khim. Benvidos ao noso país, Cambodja. Sube, que te levamos á nosa casa... en barca!

A nosa aldea chámase Prektol. As casas son de madeira e están construídas sobre canas de bambú e sobre bidóns que aboian no río. As familias crían vacas e cabras e cultivan a terra nas marxes do río.



Cada mañá quedamos cos veciños para irmos xuntos á escola, que tamén está no río. Aquí, ata os máis pequuchos saben remar.

Xa está! Todos os nenos e nenas amarramos as barcas. Axiña, que comeza a clase!

Na escola aprendemos matemáticas, ciencias e a nosa lingua, o cambodjano. Para contestar unha pregunta na clase, temos que erguer os dous brazos.

Para volver para a casa tamén navegamos polo río e ás veces vemos pasar crocodilos.


Sabes como se di adeus en cambodjano?
Xum rieb lie.

**2 Busca os nomes propios na lectura e completa.**

Este texto conta como é a vida de _____ e _____,
dous rapaces que viven nunha aldea chamada _____ e que está
construída sobre un río, nun país que se chama _____.

3 Escribe V se é verdadeiro e F se é falso.

- Prektol é unha aldea de casas de pedra.
- As casas de Prektol aboian na auga do río.
- Os rapaces e as rapazas da aldea van á escola a pé.
- As familias de Prektol cultivan a terra e crían animais.
- Nas escolas de Cambodja estúdase o galego.
- Todos os nenos e nenas de Prektol saben remar.
- No río de Prektol hai crocodilos.



4 Converte en verdadeiras as afirmacións falsas da actividade anterior.

5 Explica que forma de comunicación representa a imaxe e o que significa.



6 Pensa e razoa. Se ti non sabes cambodjano e Nara e Khim non saben galego, como poderíades comunicarvos?



7 Se as seguintes cousas fosen varias e pequeniñas, como serían? Escribeo.



• a vaca ► _____



• a barca ► _____



• o zoco ► _____



• o saco ► _____



8 Completa con *c* ou *qu*.

Moitos ____ativos ____ambodjanos teñen problemas para ir á es____ola. Algúns van en bar____a; outros en bicicleta; e aínda os hai que teñen que ____amiñar moitos ____ilómetros ____ada día para poderen ir á clase. Pero hai moitos máis ____e simplemente non poden ir ao ____olexio por____e teñen ____e traballar para ____omer.



9 Escribe un texto breve en que lles contes aos rapaces da lectura como son o lugar onde vives e mais a túa escola.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo adecuados.

O raposo

O raposo, tamén chamado *golpe*, é un habitante do bosque que destaca pola súa intelixencia e a súa habelencia para cazar e escapar dos inimigos. Ten un gran coñecemento do territorio, é capaz de tomar decisións instantáneas e posúe unha boa memoria para lembrar situacións pasadas.

Alimentación

O raposo é un animal que come plantas e animais. Adoita cazar ratos, coellos e lebres, así como paxaros e crías de varios mamíferos. Tamén se alimenta de froitas, especialmente de uvas, que lle encantan.



Hábitat

Habita, sobre todo, en zonas de bosque, aínda que tamén abunda en rexións abertas, e mesmo en áreas próximas a vilas e cidades.

Curiosidades

Sabías que un raposo pode chegar a cazar máis de 5.000 presas nun ano?

Ademais de ser un animal moi astuto, está dotado dun olfacto excelente e é tan veloz que pode chegar aos 50 quilómetros por hora correndo.

Se non dá comido unha presa, por exemplo un ourizo cacho, a súa vinganza é mexarlle por riba.

2 Escolle en cada caso a resposta correcta.

• A que velocidade pode chegar a correr o raposo?

50 km/h.

30 km/h.

40 km/h.

• Cal é a froita preferida do raposo?

Non come froita.

Os ratos.

As uvas.

• Que clase de animal é o raposo?

Réptil.

Mamífero.

Insecto.

• Cantas presas pode chegar a cazar nun ano?

Máis de 500.

Máis de 50.

Máis de 5.000.

3 Pinta os correctos e escribe o nome. Cales destes animais adoita cazar o raposo?



O raposo adoita cazar _____, _____ e _____.

4 Marca o adxectivo que corresponde a cada unha das características do raposo.

• Toma decisións instantáneas. É *indeciso* / *decidido*.

• Ten unha grande intelixencia. É *listo* / *parvo*.

• Escapa dos inimigos con moita rapidez. É *lento* / *áxil*.

• Come plantas e animais. É *omnívoro* / *herbívoro*.



5 Relaciona cada palabra do texto coa que ten o mesmo significado.

instantáneo

habelencias

veloz

astuto

lembrar

rápido

habilidades

recordar

inmediato

espelido

6 Busca información na internet e explica algunha outra curiosidade sobre o raposo.

7 Busca na sopa de letras catro nomes de animais co son Z e cópialos onde corresponda.

C	O	R	T	Z	C	E	C
G	I	E	P	A	R	D	E
A	M	S	E	N	G	O	M
I	C	G	N	G	A	C	P
V	N	E	T	E	R	M	É
Z	U	P	M	R	Z	O	S
T	C	A	R	O	A	O	I
O	U	R	I	Z	O	A	Z



- ZA ▶ _____
- CE ▶ _____
- CI ▶ _____
- ZO ▶ _____

8 Pinta o globo que está en castelán e como se chama en galego.



En galego chámase

ou _____

9 Razona. Pensas que é importante falar máis dunha lingua? Por que?

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo adecuados.

Tes dotes para a interpretación?

Ser actor ou actriz é o teu soño? Fascínate o mundo do teatro, do cinema, da tele...? Pensas que o teu futuro pode estar enriba dun escenario? Responde estas preguntas e halo saber!

1. Sempre que fan unha obra de teatro na escola, ti saes...

- a) de protagonista (ou iso ou nada!).
- b) de árbore (que é un papel moi natural).
- c) correndo a fume de carozo (e que me veñan buscar a Australia).

2. O teu soño é saír disfrazado, con maquillaxe, diante de centenas de persoas e recitar o texto que aprendiches de memoria?

- a) É! De sempre quixen actuar no teatro!
- b) É. E por iso de maior quero traballar de pallaso no circo.
- c) Non, é moito máis divertido que o faga outro para poder criticalo!

3. Cando vas ao cine, sempre te fixas moito...

- a) na actuación dos actores. Se non son bos, a película non pode ser boa!
- b) no guión e nas explosións. Se son boas, que máis se pode pedir?
- c) nos flocos de millo, nas lambetadas e no refresco: non poden ver un filme sen eles!



Conta 10 puntos por cada resposta a), 5 puntos por cada b) e 0 puntos por cada c).

30 puntos: Vas triunfar sobre o escenario!

De 15 a 25 puntos:
Cun pouquiño de esforzo, podes triunfar no mundo do espectáculo!

De 0 a 10 puntos:
O espectáculo ha ser ver como te sacan do escenario pola forza!

2 Subliña o enunciado que define mellor o texto que liches.

- É unha enquisa para saber cantos actores coñeces.
- É unha entrevista sobre o que che gusta.
- É un cuestionario para saber se tes vocación de actor ou actriz.



3 Escolle a resposta correcta en cada caso.

- Cantas respostas ten cada pregunta?
 Tres. Unha. Catro.
- Cantas respostas debes escoller para contestar cada pregunta?
 Tres. Unha. Dúas.
- Que hai que facer para saber o resultado do test?
 Sumar os puntos que sacaches. Restar os puntos que sacaches.
- Cantos puntos vale a resposta *de árbore* (que é un papel moi natural) na pregunta 1?
 Cero. Cinco. Dous.
- Cantos puntos podes sacar como máximo facendo o test?
 Vinte e cinco. Trinta. Trinta e cinco.

4 Copia a resposta que escolliches se sacaches cero puntos na terceira pregunta.

5 Rodea e escribe. De escolleres a primeira opción na segunda pregunta, que queres ser?



Quero ser _____

6 Relaciona cada neno co resultado que debeu obter.




30 puntos

De 15 a 25 puntos

De 0 a 10 puntos

7 Di cantos puntos obtiveches e explica se estás de acordo co resultado.

8 Le e responde as preguntas.



- Cantas oracións ten a invitación? _____
- Cantas palabras ten a primeira oración? _____ • E a última? _____
- Que oración é exclamativa? Cópiaa. _____

9 Escribe dúas ou tres oracións en que expliques o que che gustaría ser de maior e por que. Non esquezas os signos de puntuación ao final de cada oración.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo adecuados.**Diario dun grumete***Mércores, día 3*

Hoxe Adam, o carpinteiro do barco, fíxome rubir á cima do mastro maior, o máis alto de todos, porque ademais de ser o seu axudante, tamén teño que participar nos outros traballos do barco.

Eu xa rubira antes a moitas árbores, pero isto non se parece nada. Sobre todo cando sopra unha brisa, por lixeira que sexa, e o mastro, bambea e sacode coma se fose caer. Pasei moito medo, pero fixen por que Adam non se dese de conta.

O meu compañeiro Abraham e mais eu temos a misión de despregar e pregar (é dicir, enrolar) as velas máis altas e as pequeneiras do barco. Mesmo sendo pequenas, son moi pesadas. Cando teñamos máis forza, comezaremos a traballar coas velas máis grandes que hai por baixo. Abraham tentou ensinarme o nome de cada unha das dez velas. A cambio, eu ensineille as 23 letras do abecedario. E teño que dicir que el dominou a súa lección antes que eu dominase a miña.

Hoxe entramos en augas tranquilas e o mar está calmo. Agardemos que se manteña así.

RICHARD PLATT. *O barco pirata: diario do grumete Jake Carpenter* (adaptación)



2 Marca a resposta. Que significado teñen estas palabras do título da lectura?

diario

Caderno en que unha persoa conta os feitos que lle acontecen cada día.

Escolma de noticias de actualidade de temas diversos (deportes, política, economía...).

grumete

O capitán dun barco, cunha grande experiencia.

Rapaz novo, aprendiz de mariñeiro.

3 Escribe por debaixo de cada embarcación o nome correspondente e rodea cun círculo o tipo de barco en que pasan os feitos do texto.

goleta
cruceiro
barca



4 Relaciona. Quen o fai?

Fai rubir o protagonista á cima de todo do mastro.

Abraham



Ensínalle a Abraham as letras do abecedario.

Adam



Intenta ensinarlle o nome das velas ao protagonista.

O autor do diario



5 Localiza na lectura e copia palabras que cumpran as condicións.

- Que conteñan dúas vogais. ▶ _____
- Que conteñan tres vogais. ▶ _____
- Que conteñan un dígrafo. ▶ _____

6 Completa o texto de Abraham escribindo as palabras propostas no lugar correcto.

son

consoantes

vogais

abecedario ou alfabeto

dígrafos

O meu compañeiro grumete ensinoume o _____,

o conxunto de vinte e tres letras que ten a nosa lingua. É moi doado!

Primeiro aprendín as _____ (a, e, i, o, u)

e despois as _____, como o m, o p ou o c.

Tamén me falou dos _____, que son

dúas letras xuntas que representan un único _____,

coma o ll ou o ch.



7 Pinta as palabras en que o u soa.

aguia

tranquilo

lingüista

piragüista

guerra

pingüín

8 Coloca a diérese cando cumpra.

- Na antigüidade non había electricidade.
- Gústame moito tocar a guitarra.
- Teño moitos amigos que son bilingües.
- Nos botiños pequenos están os bos unguentos.

Cada oración contén unha palabra con diérese; agás unha, que non ten.



9 Coma se fose un diario persoal, escribe unha narración do que che pasou onte.

Data: _____

Onte foi un día _____

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo adecuados.

As cousas de Anxos

Chámome Anxos, pero segundo a miña avoa parece que, malia o nome, son un demo rabudo.

Teño oito anos e medio, pencas a varrer, un ordenador vello, sete bonecas, moitos contos –pero non tantos como me gustaría–, unha amiga moi amiga que se chama Xana Ourol Oliveira, un amigo –Roí Martíns– que me gusta moito, unha inimiga a morte –Einés Fariña Cu de Galiña–, unha irmá de dez anos bastante insoportable cuns pés enormes –gasta un 39!!!– e unha nai aforradora que, cando se decide a comprarnos roupa, é tres talles máis grande do que nos cómpre –«un pouco larguiña», segundo ela– e, cando nola fai poñer, a volta por dentro do pantalón chéganos aos xeonllos e os xerseis parecen camisas de durmir de la.

Parece que nós as tres –miña nai, Big Foot e eu–, tanto se hai crise coma se non, sempre andamos xustiñas de diñeiro.

Mamá está pagando a hipoteca do piso, que aínda non sei ben, ben, o que é, pero que, segundo a sabichona de Marta, miña irmá, a dos pés enormes, custa un ollo da cara e, ademais, nunca se dá acabado.

ESTRELLA RAMÓN PÉREZ.
Anxos e a bruxiña (adaptación)



2 Marca as afirmacións que sexan verdadeiras.

- Anxos ten poucos contos.
- A inimiga de Anxos chámase Einés Fariña.
- A irmá de Anxos ten quince anos.
- A nai de Anxos é moi aforradora.
- A Anxos gústalle Roi Martíns.
- A amiga de Anxos chámase Marta.

**3** Responde.

- Sabes que quere dicir a expresión inglesa *big foot*? _____
- Quen é Big Foot na lectura? Por que Anxos lle chama así?

4 Rodea cun círculo. Cal cres que é o peto de Anxos?

Sempre andamos xustiñas de diñeiro!

**5** Relaciona cada expresión destacada co significado correspondente.

Anxos é un demo rabudo.

É moi resabida.

A irmá de Anxos é unha sabichona.

É moi cara.

A hipoteca custa un ollo da cara.

Gasta moi pouco.

A nai de Anxos é moi aforradora.

É moi inquieta.

6 Rodea cun círculo a palabra con ditongo de cada fila e completa. Que di a nai de Anxos?

- ▶ pasado outro próximo
- ▶ oitenta tres quince
- ▶ billetes euros moedas

O _____ mes
só puiden aforrar



7 Escribe estes nomes ao pé da descrición correspondente.

Einés Fariña

Xana Ourol

Roi Martíns

- O nome é unha palabra monosílaba. ▶ _____
- O nome é unha palabra bisílaba con ditongo. ▶ _____
- O nome e o apelido son palabras bisílabas. ▶ _____

8 Subliña en cada caso a división de sílabas correcta.



bo-lsa / bol-sa



xer-sei / xer-se-i



li-bros / lib-ros



cha-que-ta / chaq-ue-ta

9 Imaxina que queres escribir un libro sobre ti e preséntate como fai Anxos: descríbete brevemente e menciona as cousas e as persoas que che importen.

Nome _____ Data _____

1 Le os textos cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo adecuados.

Os lectores opinan: gústache o teu nome?

A min encántame o meu nome. Coido que é moi xeitoso. Puxéronmo meus pais porque dicían que me asemellaba moito á miña tía Xela.



Xela, 9 anos

A min gústame o meu nome porque mo puxeron meus pais cando nacín e todos me chamaron sempre así. Significa «casa nova».

É coma unha casa acabada de construír en que podes vivir moitas cousas boas.

Xavier, 11 anos

Chámome Rafa e si que me gusta o meu nome. Non me imaxino con outro, aínda que si é certo que algunha vez pensei como sería iso de chamarme doutro xeito diferente.



Rafa, 10 anos

Ola, pois a min non me gusta moito o meu nome, pero a miña nai si, e como o meu é coma o dela, téño-me que conformar.



Persoalmente, preferiría chamarme Uxía, Xandra, Xiana, Xela, Xema, Alexandra... En fin, hai moreas de nomes con x que me gustaría ter. Se por min fose, cambiaba o meu nome agora mesmo.

Elsa

Si!!! Gústame o meu nome porque na miña aldea hai poucas rapazas que o teñan, pero tamén é verdade que non llo poñería a unha filla, porque chamar a outra persoa polo meu nome faríase raro.



Iria, 8 anos

2 Rodea cun círculo o neno que leu o texto da páxina anterior.



3 Relaciona cada enunciado coa persona que o dixo.

Non me imaxino con outro nome.

Elsa

Non lle poñería o meu nome a unha filla.

Xela

Se por min fose, cambiaba o meu nome.

Xavier

Teño un nome moi xeitoso.

Rafa

Todos me chamaron sempre así.

Iria

4 Responde.

- Cantos nenos falaron do seu nome? E nenas? _____
- De quen non sabemos a idade? _____
- Quen di que vive nunha aldea? _____
- Quen se chama igual ca a tía? _____
- Que nome dos do texto che gusta máis? _____

5 Pinta os dous nomes abreviados.

Xavi

Xosé

Helena

Nando

Ernesto

6 Escolle a afirmación correcta. Onde podemos atopar o texto que liches?

- Nos libros: sempre hai unha parte en que se fala dos nomes dos personaxes.
- En revistas e xornais: neles adoita haber un apartado en que os lectores opinan.
- Nas receitas de cociña: sempre se explica nelas o nome do cociñeiro.

7 Rodea cun círculo os nomes en que a sílaba *la* sexa tónica.

- Sabela
- Carla
- Lara
- Adela
- Inmaculada
- Olalla
- Lola
- Heladia

8 Escolle a partir das pistas. Como se chama cada neno?



9 Completa o diálogo co signo que cumpra.

- Ummmmm ____ Que bo está este xeado ____
- De que sabor é o teu ____
- De nata e amorodo. Delicioso ____
- Ei, o meu tamén ____ Que coincidencia ____
- Claro ____ . Temos o mesmo gusto, non si ____



10 Responde. Gústache o teu nome? Por que?

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo adecuados.

**As propostas máis innovadoras para o tempo de lecer.
Non as perdas!**

LIBROS PARA MENTES ESPERTAS

Fadas


Unha chea de xogos e actividades para facer na casa, de viaxe ou durante as vacacións: labirintos, quebracabezas, encrucillados, debuxos, monifates de dedo, postais para pintar...

As fadas de todos os tipos son as protagonistas do libro!



Dinosaurios

Se che gustan os dinosaurios, este libro é perfecto para ti: dinosaurios para pintar, para recortar, para debuxar, xogos con dinosaurios, adhesivos con dinosaurios, labirintos, carautas, láminas para buscar as diferenzas, debuxos con puntos para completar o contorno, xogos de sombras...



APLICACIÓN PARA TELÉFONOS

Misións salvaxes, de GeoDash

A nova aplicación de *National Geographic* permite explorar o mundo a través de *Geo*, un robot que, mentres descobre diferentes hábitats, vai probando as diferentes habilidades dos animais que vai atopando. Cada vez que o robot atopa un animal e proba as súas habilidades, o xogador colecciona fichas coas fotos dos animais e as súas características.

Dispoñible para Iphone, Ipod touch e Ipad. Gratuíta.



2 Marca as afirmacións que sexan correctas.

- O texto quere animar os lectores a comprar os libros ou a descargar a aplicación.
- Misións salvaxes* é un libro de animais.
- O libro de dinosauros contén adhesivos.
- O robot de *Misións salvaxes* chámase *Geo*.
- O libro das fadas pódese descargar no teléfono.

3 Responde. Que libro debería escoller cada un dos rapaces?

A min encántame facer encrucillados!



A min gústame poñer carautas!



4 Pinta o título que significa o mesmo que *Libros para mentes espertas*.

Libros para rapaces intelixentes

Libros para nenos que non dormen


5 Rodea cun círculo os tres elementos que non se inclúen nin no libro das fadas nin no libro dos dinosauros.



6 Explica. Cal das tres propostas escollerías ti? Por que?

7 Clasifica os substantivos destacados segundo sexan comúns ou propios.

A nova aplicación da revista **National Geographic** permite explorar **continentes** como **África** a través de **Geo**, un robot.



Substantivos comúns	Substantivos propios
_____	<u>National Geographic</u>
_____	_____
_____	_____


8 Escribe un substantivo común e inventa un propio para cada debuxo.



Comúns	_____	_____	_____
Propios	_____	_____	_____

9 Marca só as palabras con R suave.

Recorta as carautas de dinosauros con tesoiras de punta redonda.



10 Recomenda un libro ou un xogo que che guste. Como se titula? Por que cne gusta r

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo adecuados.

Pantasmíñas de merengue

Precisas


(para 30 unidades)

4 claras de ovo

220 g de azucre

1 cullerada de vinagre branco

perliñas de prata



Como se fan?

1. Introduce as claras de ovo nunha cunca e báteas ata que estean a punto de neve. Vai engadindo o vinagre e o azucre pouco a pouco ata obter un merengue espeso.
2. Introduce o merengue nunha manga pasteleira e forma 30 pantasmíñas sobre unha bandexa cuberta con papel vexetal. Colócalle dous oliños a cada pantasma con perliñas de prata.
3. Mete as pantasmíñas no forno, xa quente a 120 °C, durante 25 minutos. Despois apaga o forno e déixaas nel durante 30 minutos. Consérvaas nunha caixa de lata ata o momento de comelos.

2 Marca. Quen é a autora do texto anterior?

Escibín un libro de pantasma.



Escibín un libro de receitas divertidas.

3 Une cada palabra coa parte do debuxo correspondente e resolve a adiviña.



xema

clara

A miña nai é tateira,
o meu pai é cantador,
teño branco o meu vestido
e amarelo o corazón.

4 Pinta a explicación correcta. Que quere dicir *bater a punto de neve*?



Bater a clara con forza un día de neve.




Bater a clara para conseguir unha masa esponxosa.

5 Numera os pasos na orde correcta.

- Fai a forma das pantasmañas coa axuda da manga pasteira.
- Pon as pantasmañas no forno.
- Bate as claras de ovo e vai engadindo o vinagre e o azucre.
- Ponlle dous oliños a cada pantasmaña.

6 Relaciona cos números. Que é cada cousa?



- cunca
- batedor
- bandexa do forno
- manga pasteira

7 Escribe con letras as cifras da lectura.

- 4 ovos ► _____ ovos
- 220 g ► _____ gramos
- 120 °C ► _____ graos
- 25 min ► _____ minutos.



8 Escribe o feminino de cada substantivo na columna correspondente, segundo o modelo que lle corresponda para formalo.



Engaden -a	Cambian -o por -a
_____	_____
_____	_____
_____	_____

9 Pinta as palabras que forman o feminino cunha palabra diferente do masculino.

cabalo

nenos

bois

irmáns

10 Completa o menú do restaurante con *mb*, *br* ou *bl*.

Pratos co___inados	Salmón con ___ócoli
Guiso de le___e	Café solu___e
Sardiñas con ___oa	So___emesa de la ___óns



11 Escribe o nome do teu prato preferido e enumera os ingredientes que leva.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Caracol e Mouchiño escribense cartas

Estimado Mouchiño:

Ben sabes a gana que eu tiña de ir pasear con Bolboreta, non si? Pois escribinlle unha carta e contestoume que si. Quedamos para este sábado. Despois de ler a carta de Bolboreta, eu era o caracol máis feliz do mundo e tiña gana de berralo aos catro ventos, de dicírllelo a todos. Imaxinaba como se alegrarían por min Vaca, Cabra e Oca.

Pero non foi así. Os meus mellores amigos non se alegraron da miña alegría.

Ti enténdelo, Mouchiño?

Caracol

Benquerido Caracol:

Hai momentos e momentos. Cando os amigos están moi ocupados ou preocupados por outras cousas, é difícil que te escoiten. Ás veces só hai que saber agardar o momento.

Que che vaia moi ben o sábado.

Mouchiño

Estimado Mouchiño:

E como sabes cando é un bo momento?

Caracol

Estimado Caracol:

Cando te miran aos ollos, por exemplo. Ou che sorrín. Cando teñen as orellas ben dereitas. Cando te agardan.

Mouchiño

EULÀLIA CANAL. *Caracol, e que fas nun iglú?* (adaptación)



2 Relaciona. Por que se sente así Caracol?

Caracol está contento...

Caracol está triste...

Caracol está preocupado...

porque os amigos non se alegran por el.

porque non sabe cando é un bo momento para falar cos amigos.

porque Bolboreta quere ir pasear con el.

3 Indica se son verdadeiros (V) ou falsos (F) os enunciados seguintes.

- Mouchiño só contestou a unha das cartas de Caracol.
- Os amigos de Caracol son Ovella, Cabra e Oca.
- A cita de Caracol e Bolboreta é o sábado.
- Mouchiño dá unha explicación á reacción dos amigos de Caracol.
- Para Mouchiño, un bo momento para falar é cando os amigos pasean.

4 Rodea cun círculo o animal que ten as orellas ben dereitas.



5 Subliña a expresión que ten o mesmo significado ca *ter as orellas ben dereitas*.

- Prestar atención.
- Estar na lúa.
- Ter unha venda nos ollos.

6 Pinta. Que é o máis semellante a unha carta?

Una chamada telefónica

Un correo electrónico

Unha noticia

7 Rodea e completa. Cal é a froita preferida de Mouchiño?



O nome da miña froita preferida ten catro sílabas.



A froita preferida de Mouchiño é o _____, en plural _____

8 Forma o plural.

- león ▶ _____
- tigre ▶ _____
- mandril ▶ _____
- pardal ▶ _____
- arroz ▶ _____
- cabra ▶ _____

9 Responde as preguntas escollendo as palabras que conteñen h.

- Que comida che gusta máis, a  ou o  ? ▶ _____
- Que animal che gusta máis, o  ou o  ? ▶ _____
- A onde fuches o outro día, ao  ou á  ? ▶ _____

10 Escíbelle unha carta a Caracol para aconsellalo sobre o seu problema cos amigos. Que lle dirías?
